




Área / Unidad COMERCIO MPT	Documento 5101511ATV	
Código de verificación  1B2Z 3P4A 5E0D 5T0E 1DEX	Expediente 510/2021/25	
	Fecha 21-07-2021	

## **CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA O MANTEMENTO E IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DA CORUÑA POLO COVID-19, NO MARCO DO PLAN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA CORUÑA (PRESCO) (REF. 61202101) NO EXERCICIO 2021**

### **I. OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE Á CONVOCATORIA**

#### **Base 1. Obxecto**

De conformidade coas competencias atribuídas a este concello polo art. 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora de bases do réxime local e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven, convócanse subvencións para o mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal da Coruña no ano 2021 con ocasión da crise do COVID-19 no marco do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO).

#### **Base 2. Finalidade**

A finalidade desta convocatoria é promover a consolidación do tecido comercial, profesional, hostaleiro e en xeral empresarial, así como apoiar o mantemento e creación de emprego que xera este sector económico no municipio da Coruña tras a crise do COVID-19. Este tecido empresarial está composto, na súa maioría, por microempresas e, principalmente, por persoas traballadoras autónomas, a quen se dirixen estas subvencións para o mantemento da actividade económica, conforme se sinala nas seguintes bases.

#### **Base 3. Réxime Xurídico**

3.1. A presente convocatoria rexerese integramente polas presentes bases e polas seguintes outras normas:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante Lei xeral de subvencións).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante Regulamento xeral de subvencións)
- Ordenanza xeral de subvencións da área de benestar do Concello da Coruña, publicada no BOP nº 40 de 19/02/2005 (<http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2005/02/19/1824-0.htm>).



Esta ordenanza será de aplicación naquelas cuestións non especificamente reguladas nas presentes bases.

- Demais regulamentos de desenvolvemento e outras normas concordantes e de pertinente aplicación.

Así mesmo, na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido nas bases 10.2.b) e c) e na base 11 das vixentes Bases de Execución do orzamento.

3.2. As bases completas estarán ao dispor das persoas interesadas no Taboleiro de anuncios e edictos da Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/>, e na Base de Datos Nacional de Subvencións: <http://www.infosubvenciones.es>, e un extracto das mesmas publicárase no Boletín oficial da provincia da Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/>

## II. CRÉDITO ORZAMENTARIO

### Base 4. Crédito orzamentario

4.1. O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de catro millóns de EUROS (4.000.000€), destinadas a gastos **correntes, para o apoio e mantemento da actividade económica, imputables á aplicación orzamentaria 61.430.479.01.**

Liña	Concepto
1	Axudas para o pago de cotas de Seguridade Social ou ás Mutualidades dos colexios profesionais das persoas físicas autónomas
2	Axuda para o pago da cota empresarial polo persoal a cargo da empresa
3	Axudas dirixidas a sufragar alugueres de locais comerciais, de hostalería ou do sector servizos

4.2. O crédito orzamentario indicado é o límite do importe das subvencións que se poidan conceder para o conxunto das tres liñas.

4.3. De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento xeral de subvencións, no caso de que este crédito se incrementase como consecuencia de calquera tipo de modificación orzamentaria que proceda, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria.

A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

### Base 5. Límite máximo da subvención para cada entidade / persoa beneficiaria

O importe máximo da subvención non poderá superar para cada persoa beneficiaria física ou xurídica a contía **de 2.000 €** de acordo co indicado a continuación:



Cada persoa beneficiaria poderá solicitar e obter un importe máximo da subvención de 2.000,00 euros para o total e calquera das liñas 1, 2 e 3. Todas as liñas son compatibles entre si, dentro das contías de subvención máximas establecidas.

Os socios, socias ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa se presentaron como parte da sociedade.

## **Base 6. Compatibilidade**

Esta subvención é compatible con calquera outra subvención outorgada por outras institucións ou entidades, públicas ou privadas. Con todo, no suposto de recibir outras subvencións polo mesmo gasto realizado, en ningún caso as subvencións concedidas poderán superar o custo da actividade subvencionada, procedendo o reintegro pola parte dos ingresos que excedan do gasto realizado.

Así mesmo, están sometidas ao réxime de *minimis* en todas as súas liñas, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, do 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L352 do 24 de decembro de 2013).

## **III. PERSOAS BENEFICIARIAS**

### **Base 7. Persoas beneficiarias e requisitos para obter a condición de beneficiaria**

#### **7.1. Persoas beneficiarias**

Poderán ser beneficiarias das axudas recollidas na presente convocatoria:

a) Para calquera das liñas, as persoas físicas traballadoras autónomas que estean de alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA), en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

b) Para as liñas 2 e 3, poderán ademais das persoas anteriores, as sociedades de calquera clase que teñan a condición de microempresa, que teñan personalidade xurídica propia e legalmente constituídas. No caso das sociedades civís, estas deberán constituírse mediante escritura pública e estar debidamente rexistradas para poder ter a condición de beneficiarias destas subvencións.

Para a definición de microempresas e pequenas empresas terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, así como a definición contida no Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para microempresas, excepto no relativo ao importe neto da cifra anual de negocios, que no referente á presente convocatoria de subvención establécese nun millón de euros. Estes criterios entenderanse cumpridos por empresas que durante dous exercicios consecutivos



reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos dúas das seguintes circunstancias, tendo en conta a redución na cifra de negocios anteriormente sinalada:

- a) Que o total das partidas do activo non supere o millón de euros.
- b) Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere na presente convocatoria de subvención un millón de euros.
- c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a dez.

## 7.2. Requisitos das persoas beneficiarias

Son requisitos esixibles ás persoas beneficiarias, que deberán estar cumpridos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral nos artigos 11 e 13 da Lei xeral de subvencións e os especificamente fixados nos apartados anteriores, os seguintes:

### 7.2.1 Requisitos comúns:

- a) Que teñan xustificadas as subvencións anteriormente concedidas polo Concello da Coruña, agás que aínda non transcorrese o correspondente prazo de xustificación.
- b) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello da Coruña, nos termos sinalados na base 17.d o cal se acreditará mediante declaración responsable.
- c) Que estean de alta con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 na súa actividade económica nalgunha dos epígrafes que se indican a continuación, de entre a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) e que manteñan dita actividade sen interrupción durante todo o ano 2021:

Epígrafe CNAE 2009	Denominación	Epígrafe/s IAE asimilados
478	Comercio polo miúdo en postos de venda e en mercadillos	663.1
493	Outro transporte terrestre de pasaxeiros	721.1 721.3 721.2
551	Hoteis e aloxamentos similares	681 682 683 684
552	Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estancia	685
553	Cámpings e aparcamentos para caravanas	687
559	Outros aloxamentos	682
561	Restaurantes e postos de comidas	671
562	Provisión de comidas preparadas para eventos e outros servizos de comidas	677
563	Establecementos de bebidas	672



		673 674 675 676
742	Actividades de fotografía	973.1
791	Actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos	755
823	Organización de convencións e feiras de mostras	989.2
8551	Educación deportiva e recreativa	967
8552	Educación cultural	933.9
8559	Outra educación n.c.o.p.	933.9 934
900	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	016 032 033 039
931	Actividades deportivas	968
932	Actividades recreativas e de entretemento	969.1 981.2 982.2 982.4
9602	Barberías e outros tratamentos de beleza	972

Facúltase á Concellería delegada de Comercio a emitir resolución interpretativa dos epígrafes asimilados do IAE correspondentes aos CNAE indicados.

c) Os demais contemplados na Lei xeral de subvencións e demais normas de aplicación.

#### 7.2.2 Requisitos específicos:

- a. Requisitos específicos para as subvencións da **liña 1** (Axudas para o pago de cotas de Seguridade Social ou ás Mutualidades dos colexios profesionais no réxime das persoas físicas autónomas):

Persoas físicas que estivesen de alta no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional correspondente, que teñan actividade económica con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 nalgún dos epígrafes indicados no apartado anterior e o seu domicilio fiscal estea dentro do termo municipal da Coruña.

- b. Requisitos específicos para as subvencións das **liñas 2 e 3** (**Axuda para o pago da cota empresarial polo persoal a cargo da empresa e para sufragar alugueres de locais comerciais, de hostalería ou do sector servizos**), que as actividades radiquen no termo municipal da Coruña. En caso de desenvolver a actividade que conste na súa situación censal do IAE a través de establecemento permanente (sen que teñan esta consideración os locais indirectamente afectos á actividade económica), que este se atope radicado no termo municipal da Coruña. No caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento



permanente, que o seu domicilio fiscal estea dentro do termo municipal da Coruña.

Para tramitar este procedemento, e de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello da Coruña poderá consultar os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da entidade solicitante.
- Certificación ou consulta expedida pola Axencia Tributaria na cal se indiquen os epígrafes e locais do imposto de actividades económicas en que figura dada de alta a persoa solicitante.
- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Tesourería Xeral de Seguridade Social.
- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións co Concello da Coruña
- Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- Consulta á Mutua correspondente do cesamento de actividade e da súa prestación correspondente, no seu caso.
- Consulta de vida laboral, no seu caso.
- Consulta de cotas ingresadas na Seguridade Social ou Mutualidades, no seu caso.
- Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- Consulta de concesións pola regra de *minimis*.

Tendo en conta o carácter extraordinario destas subvencións, a obrigación de estar ao corrente coas administracións tributarias e de Seguridade Social, tramitárase mediante declaración responsable, ao non superar os 3.000,00 €, de conformidade co previsto nos artigos 22 e 24 do Regulamento xeral de subvencións.

### **7.3 Persoas excluídas**

Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e calquera outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro, congregacións e institución relixiosas, as Unións Temporais de Empresas, as comunidades de bens, as herdanzas xacentes así como as sociedades civís sen personalidade xurídica propia e demais entidades carentes desta, así como as empresas que formen parte dun grupo empresarial, nos termos regulados no artigo 42 do Código de comercio, sen prexuízo que as persoas pertencentes a calquera destas entidades soliciten as subvención a título individual como persoa física, de conformidade coa base 7.1. a).

## **IV. GASTOS SUBVENCIONABLES**

### **Base 8. Gastos subvencionables**

#### **8.1. Gastos subvencionables: Criterios xerais**



Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable se levasen a cabo no período e respondan á natureza dos gastos sinalados na presente base.

A definición dos gastos subvencionables adecuaranse a cada unha das liñas de axuda establecidas nesta convocatoria.

O prazo de execución máximo para a totalidade das axudas incluídas nesta convocatoria será do 31 de agosto de 2021. Non obstante o anterior, algunhas das axudas poderán indicar un prazo de execución inferior ao prazo de execución xeral anteriormente indicado.

A efectos da xustificación da subvención, considerase gasto realizado o efectivamente pagado de acordo co establecido nas bases 8.2. e 8.3

## **8.2. Gastos subvencionables: Criterios específicos**

Considéranse gastos subvencionables os seguintes, para cada unha das liñas:

### **8.2.1 Gastos subvencionables- Liña 1 (Axudas dirixidas a sufragar cotas de Seguridade Social ou mutualidade de persoas autónomas)**

Considéranse como gastos subvencionables:

a) A cota efectivamente aboada correspondente ao réxime especial de traballadores autónomos persoas físicas, en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou de mutualidade de colexio profesional correspondente, tomando como referencia a base mínima de cotización que corresponda, vixente en cada momento.

No caso dos/as traballadores/as de alta na mutualidade de colexio profesional, tomarase como base a subvencionar a mesma contía que a sinalada para o réxime especial de traballadores autónomos, no caso de que aquela excedese a contía desta última. En caso contrario, só se subvencionará a contía realmente aboada como cota na mutualidade correspondente.

Poderá ser subvencionable o 100 por 100 do gasto por este concepto ata un máximo de 8 cotas da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, efectivamente aboadas, no período de xaneiro a agosto de 2021, presentadas por cada unha das persoas traballadoras por conta propia de alta no réxime correspondente, sen que o importe máximo destas axudas poida superar os límites indicados na base 5.

Considerarase como gasto efectivamente realizado o aboado polas persoas beneficiarias descontado o importe das compensacións nas cotas correspondente que por parte das mutuas ou mutualidades polo cesamento de actividade se descuenten ou se reintegren.

Non poderán optar a esta liña 1 de subvención aquelas persoas cuxas cotas teñan algunha bonificación ou redución por inicio de actividade durante o ano 2021.

### **Documentación específica para a solicitude:**



Tendo en conta carácter extraordinario destas subvencións, a declaración responsable da solicitude, deberá incluír que cumpre os requisitos indicados nas presentes bases, podendo achegar opcionalmente documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos.

#### **Documentación específica para a xustificación:**

Para a xustificación desta axuda deberá acompañarse á documentación xeral da base 19 a seguinte:

1. Informe actualizado da vida laboral da persoa traballadora autónoma, emitido pola Seguridade Social ou, de ser o caso, certificado da mutualidade de colexio profesional con indicación dos períodos de alta na actividade.
2. Informe actualizado de cotas ingresadas emitido pola Seguridade Social da persoa traballadora autónoma. No caso de persoas en situación de alta en mutualidade de colexio profesional, certificación onde conste o importe do gasto así como acreditación do seu pago, desagregado de maneira mensual.

O solicitante poderá achegar xunto coa solicitude da subvención a documentación xustificativa da mesma anteriormente sinalada, e no caso de que a documentación estea completa o pago da subvención poderá realizarse na súa totalidade.

#### **8.2.2. Gastos subvencionables - Liña 2-Axuda para o pago da cota empresarial polo persoal a cargo da empresa)**

Poderá ser subvencionable o 100 por 100 do gasto en concepto de cota empresarial correspondente aos meses de xaneiro a agosto de 2021, cunha cantidade de 2.000,00 € por persoa física ou xurídica beneficiaria. O máximo de subvención por persoa a cargo da empresa será de 300 € por mes.

#### **Documentación específica para a solicitude:**

Tendo en conta carácter extraordinario destas subvencións, a declaración responsable da solicitude, deberá incluír que cumpre os requisitos indicados nas presentes bases, e a seguinte documentación

1. De ser o caso, documentación acreditativa da representatividade e xustificación do NIF de quen ostenta a representación.
2. Certificado de situación censual da AEAT actualizado da persoa ou sociedade ou autorización á súa consulta.

#### **Documentación específica para a xustificación:**

Para a xustificación desta axuda deberá acompañarse á documentación xeral da base 19 a seguinte:





1. Informe de Vida Laboral de Empresa actualizado correspondente ao período subvencionado
2. Documentos que acrediten a cotización á seguridade social da persoa contratada, nóminas, documentos de cotización Relación Nominal de Traballadores (RNT) e o documento de Relación de liquidación de cotizacións (RLC) (anteriores TC1 e TC2) correspondentes aos meses subvencionados e a acreditación bancaria do pago da Seguridade Social, así como xustificante das retencións efectuadas a través do modelo 111 correspondente.

O solicitante poderá achegar xunto coa solicitude da subvención a documentación xustificativa da mesma anteriormente sinalada, e no caso de que a documentación estea completa o pago da subvención poderá realizarse na súa totalidade.

### **8.2.3 -Liña 3- Axudas dirixidas a sufragar alugueres de locais comerciais, de hostalería ou do sector servizos**

Son subvencionables os gastos en aluguer de locais comerciais, de hostalería ou do sector servizos afectos exclusivamente a unha actividade económica e que se atopen situados no termo municipal da Coruña, entre os meses de xaneiro a agosto de 2021. Este local deberá figurar en certificado da situación censual da actividade económica que se incorpora na documentación da solicitude, sen que teñan esta consideración os locais indirectamente afectos á actividade económica.

Inclúense expresamente dentro destas axudas conceptos asimilables ao dos alugueres, como poden ser as concesións administrativas, taxas ou prezos públicos por autorizacións para ocupacións en bens de dominio público e outros de similar natureza que impliquen o pago dunha cantidade pola utilización dun espazo físico.

Subvencionarase con 2.000,00 €, o importe da renda efectivamente aboada polos meses anteriormente indicados pola persoa beneficiaria. No importe da renda non se poderán incluír outros gastos distintos do importe do aluguer ou ocupación, tales como o IVE, gastos de comunidade, recollida de lixos, derramas, etc.

Non se subvencionarán os arrendamentos nos que exista relación de parentesco ata segundo grao, por afinidade ou consanguinidade, ou ben en calquera dos supostos e condicións dos artigos 68 do Regulamento Xeral de Subvencións e 29 da Lei Xeral de Subvencións e demais normas concordantes. Este extremo incluírase na declaración responsable que se incorpore á solicitude da subvención.

#### **Documentación específica para a solicitude:**

Tendo en conta o carácter extraordinario destas subvencións, a declaración responsable da solicitude, deberá incluír que cumpre os requisitos indicados nas presentes bases, podendo achegar opcionalmente documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos.

#### **Documentación específica para a xustificación:**



Para a xustificación desta axuda deberá acompañarse á documentación xeral da base 19 a seguinte:

1. Contrato de aluguer do local
2. Recibo ou factura dos meses subvencionados e xustificante bancario do seu pago por un importe polo menos de 2.000,00 €
3. Documentación acreditativa da retención que proceda, no seu caso, en concepto de IRPF polos meses subvencionados (modelo 115), e xustificante bancario do seu pago.

O solicitante poderá achegar xunto coa solicitude da subvención a documentación xustificativa da mesma anteriormente sinalada, e no caso de que a documentación estea completa o pago da subvención poderá realizarse na súa totalidade.

#### **8.4. Gastos non subvencionables:**

Non poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos que non se axusten aos conceptos recolleitos nos apartados anteriores nin se correspondan co período fixado nas bases 8.2 e 8.3 desta convocatoria, nin as recargas ou intereses sobre os gastos incorridos.

En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

### **V. PROCEDEMENTO: INICIACIÓN**

#### **Base 9. Procedemento: Réxime e inicio**

Establécese un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que de acordo coa finalidade e obxecto da convocatoria non resulta necesario realizar a comparación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia na persoa ou sociedade solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario seguindo estritamente a súa orde de presentación; por este motivo, non é necesario ponderar as solicitudes nin constituír unha mesa de avaliación.

Con todo, no caso de que o crédito dispoñible non fose suficiente, por superarse o importe máximo do mesmo, establecerase como criterio a orde de presentación das solicitudes no rexistro de entrada, e se coincidisen na mesma data a prelación virá determinada pola hora de presentación da solicitude.

#### **Base 10. Procedemento: Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento**



10.1. A instrución do procedemento de concesión corresponde á Xefatura do Departamento de promoción económica e comercio, que actuará en calidade de órgano instrutor segundo recolle o artigo 24 da Lei xeral de subvencións.

10.2. A competencia para resolver as solicitudes corresponderalle, por delegación da Xunta de Goberno Local, á persoa titular da área de comercio, mercados, consumo e barrios.

## **Base 11. Procedemento: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes**

### **11.1. Presentación de solicitudes de subvención**

As solicitudes de subvención deberán presentarse nos modelos de solicitude que figuran como anexos, xunto coa documentación correspondente e no prazo establecido.

En relación coa presentación de solicitudes, as persoas beneficiarias ás que vai dirixida esta convocatoria son, por unha banda, as persoas autónomas que xa teñen a obriga de relacionarse por medios electrónicos coa Seguridade Social (artigo 2.2.b) da Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, modificada pola Orde ESS/214/2018, do 26 de marzo), e doutra banda, as sociedades e profesionais, que de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Por tanto, as solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario de solicitude dispoñible na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>), ao que se unirá, debidamente cuberto, o Anexo S1 xunto co resto de documentación e anexos establecidos en a base 11.3 da presente convocatoria.

Cada persoa solicitante só poderá presentar a solicitude de axudas desta convocatoria nunha única vez. Ao ser válida unha única solicitude por persoa empresaria individual ou societaria, no caso de que algunha persoa presentase unha nova solicitude, entenderase que desiste das anteriores solicitudes presentadas.

En caso que se presente a solicitude de maneira presencial, entenderase esta por non presentada xa que o requisito de solicitude telemática é obrigatorio de acordo coas presentes bases.

Para presentar a solicitude poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica do Concello da Coruña.

### **11.2. Prazo de presentación de solicitudes de subvención**

As solicitudes poderán presentarse desde as 0:00 do 1 de setembro ás 23:59 do 15 de setembro de 2021.

### **11.3. Documentación das solicitudes de subvención**



As solicitudes deberán incluír para cada unha das liñas, a documentación que se indica no apartado correspondente e ademais a seguinte documentación:

1. Modelo establecido que se achega como Anexo S1, debidamente cuberto e asinado pola persoa solicitante ou por quen ostente a representación.
2. De ser o caso, documentación acreditativa da representatividade e xustificación do NIF de quen ostenta a representación.
3. No suposto que o solicitante da subvención o faga tamén da aprobación da xustificación e pago da mesma nun único acto administrativo, deberá achegar ademais a documentación xustificativa específica da liña que solicita.

#### **11.4. Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención**

11.4.1. No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido na Lei de subvencións, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante ou quen actúe como representante, a presentación do devandito documento ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o mesmo, con anterioridade á formulación da proposta de concesión.

11.4.2. Os documentos normalizados sinalados como Anexo S1 e o resto de anexos nesta convocatoria son de presentación obrigatoria

11.4.3. No caso que os gastos xa estivesen efectuados no momento da solicitude, acompañarase a factura dos gastos xa realizados, acompañado do xustificante bancario.

11.4.4. O Concello da Coruña resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a documentación é correcta e a veracidade do contido das declaracións das persoas solicitantes, xa sexa polo propio Concello ou a través dos servizos de auditoría que se poidan contratar.

## **VI. PROCEDIMENTO: INSTRUCCIÓN**

### **Base 12. Procedemento: Instrución**

12.1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano que se indica na base 10. Na tramitación das solicitudes seguirase estritamente a súa orde de presentación.

12.2. O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.



12.3. De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei xeral de subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- b) Avaliación das solicitudes, efectuada conforme os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na convocatoria da subvención.

12.4. Se a solicitude de subvención e os documentos de xustificación non reúnen os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

12.5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á persoa solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

### **Base 13. Procedemento de concesión: Determinación da contía da subvención**

Ata esgotar o crédito dispoñible, a contía da subvención resultante virá determinada polo sinalado nas bases 5, 6 e 8 da convocatoria e seguindo a orde de presentación das solicitudes, tal e como indica a base 9.

No suposto de esgotar o crédito dispoñible o resto das solicitudes consideradas subvencionables quedarán en reserva para ser atendidas en caso de producirse algunha renuncia ou de producirse un incremento do crédito inicialmente dispoñible. Para estes efectos, poderanse realizar sucesivas propostas de resolución.

No suposto que despois de resolver todas as solicitudes presentadas no sentido que proceda en cada caso e pechados en vía administrativa os procedementos correspondentes aos solicitantes do período de orixe, non se esgotara a totalidade do crédito, poderá abrirse coas mesmas bases e condicións unha nova convocatoria de subvención.

### **Base 14. Procedemento de concesión: Proposta provisional de concesión, trámite de alegacións e reformulación, proposta definitiva de concesión, aceptación e resolución definitiva das subvencións**

14.1. O órgano instrutor formulará motivadamente **propuesta de concesión, que poderá ser individual ou colectiva**, e que deberá notificarse/publicarse ás persoas interesadas.

A proposta de concesión deberá indicar a subvención correspondente a cada unha das liñas, e o importe que se debe xustificar utilizando a porcentaxe de financiamento correspondente.



As propostas provisional e definitiva de concesión non crean dereito algún, a favor da persoa/sociedade beneficiaria proposta, fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

Tendo en conta que os requisitos para ser persoa beneficiaria desta axuda deben cumprirse antes da presentación da solicitude e que os compromisos asumidos pola persoa beneficiaria están incluídos na declaración responsable, non é necesaria a aceptación expresa ou tácita da proposta, nos termos do artigo 21.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ao terse aceptada coa presentación da solicitude.

A presentación da solicitude de subvención implica a petición do anticipo da mesma ou da totalidade da subvención en caso que se achegue a documentación xustificativa do gasto.

Sen prexuízo do anterior, as persoas beneficiarias poderán renunciar á subvención con anterioridade á resolución da subvención, ou no seu caso, poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida.

Para proceder ao pago da subvención deberase indicar no formulario de solicitude mediante declaración responsable os datos bancarios en formato IBAN da conta pola que deben efectuar os ingresos relacionados coa subvención, salvo que os datos xa se presentaran e non variasen.

Tamén se poderá achegar o **modelo de alta ou modificación de datos en terceiros**, onde figuren os datos bancarios en formato IBAN, que poderá descargarse na seguinte ligazón

[https://www.coruna.gal/descarga/1390788791572/mod040\\_Terceiros\\_campos.pdf](https://www.coruna.gal/descarga/1390788791572/mod040_Terceiros_campos.pdf)

## **VII. PROCEDEMENTO: RESOLUCIÓN**

### **Base 15. Resolución e notificación**

#### **15.1 Resolución**

Á vista das subvencións que constan na proposta definitiva de concesión e que foran aceptadas, o órgano competente resolverá o procedemento, ben de maneira individual ou colectiva.

A resolución ditarase individual ou colectivamente ou para cada unha das solicitudes e notificarase ás persoas beneficiarias ou será obxecto de publicación na sede electrónica.

Se se renunciase á subvención por algunha das persoas beneficiarias ou, de acordo á base 4.3, incrementácese o crédito orzamentario, o órgano concedente acordará, previa comprobación do cumprimento dos requisitos e condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases, e sen necesidade de nova convocatoria, a concesión de subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes segundo a orde de entrada para cada unha das liñas.

#### **15.2 Notificación da resolución**



A resolución do procedemento notificárase/publicárase ás persoas interesadas de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A concesión de subvención non xera dereito algún á percepción da mesma en futuras convocatorias.

### **15.3 Forma de notificación**

As notificacións de resolucións e actos administrativos e de trámite practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello da Coruña. Remítirase ás persoas interesadas un aviso de posta ao dispor das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, o Concello da Coruña practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## **Base 16. Recursos procedentes contra a resolución do procedemento**

16.1 A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa.

16.2 Contra a devandita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, as persoas interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes. Nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolveu o recurso de reposición interposto (art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

## **VIII. OBRIGACIÓNS DAS PERSONAS BENEFICIARIAS**

### **Base 17. Obrigacións das persoas beneficiarias**



De acordo co establecido no artigo 14 da Lei xeral de subvencións as beneficiarias da subvención obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- a) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello da Coruña, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como o incumprimento da axuda de *minimis*, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, do 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L352 do 24 de decembro de 2013).
- d) Atoparse, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa AEAT, co Concello da Coruña e fronte á Seguridade Social. Isto acreditarase mediante declaración responsable, sen prexuízo que poida o Concello comprobar a veracidade do declarado polas persoas interesadas. Entenderase no caso das débedas co Concello da Coruña ao corrente no cumprimento das devanditas obrigas en caso de atoparse presentada e concedida solicitude de fraccionamento /aprazamento de pago ou suspendida a recadación da débeda tributaria.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados, cando proceda e nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

## **IX. PAGO DAS SUBVENCIONES**

### **Base 18. Pago das subvencions**

18.1. De acordo co establecido no artigo 34 da Lei xeral de subvencións e a Ordenanza Xeral de Benestar, dadas as características da convocatoria, poderá acordarse o pago anticipado da subvención outorgada, que supoñerá entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

18.2. Coa concesión da subvención se concederá un pagamento anticipado polo total do importe de subvención. Neste caso deberá constituírse unha garantía do 2 % do importe total da subvención concedida, que poderá realizarse mediante a retención do pago polo Concello da Coruña da devandito porcentaxe. Unha vez efectuada a debida xustificación e non





existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederáse á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

18.3. En todo caso, para poder efectuar pagos anticipados, deberá quedar acreditado que as entidades beneficiarias atópanse ao corrente nas súas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello da Coruña, ben mediante os propios certificados ou mediante declaración responsable.

De ser o caso, poderá requirírselle para que achegue o certificado actualizado de estar ao corrente nas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social se finalizou o prazo de validez do presentado coa documentación achegada.

18.4. O pago realizarase mediante ingreso na conta bancaria que figure rexistrada na contabilidade municipal ou na indicada pola persoa beneficiaria a través do modelo de alta ou modificación de datos en terceiros, presentado xunto coa solicitude.

## **X. Xustificación das subvencións concedidas.**

### **Base 19. Forma e prazo da xustificación:**

#### **19.1 Forma de xustificación**

19.1.1 As entidades beneficiarias da subvención virán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

19.1.2. A documentación acreditativa da xustificación da subvención, no suposto de non presentala coa solicitude, deberá presentarse na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal>. con destino ao órgano instrutor, o Departamento de Promoción Económica e Comercio, no prazo de DOUS MESES contados a partir da finalización do prazo para a realización da actividade ou proxecto obxecto de subvención concedida.

En todo caso, o prazo máximo para a admisión da xustificación finaliza o 31 de outubro de 2021

19.1.3. O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade ou proxecto subvencionado que fose aprobado. No suposto de recibir outras axudas ou subvencións para o mesmo obxecto e finalidade, compatibles coas establecidas nestas bases, a contía acumulada non poderá superar o 100% dos custos subvencionables aprobados. A beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade de que se trate, nos termos da solicitude presentada.

Haberá de xustificarse a totalidade do importe subvencionado na resolución declarativa da subvención aplicando os importes máximos da subvención da base 5, así como porcentaxes de subvención máximos aplicables.

Cando o importe xustificado sexa inferior ao aprobado na resolución da concesión de subvención, para determinar o importe final da subvención aplicarase a porcentaxe correspondente de subvención de cada concepto de axuda á cantidade correctamente



xustificada, o que poderá dar lugar, no seu caso, ao reintegro total ou parcial ou á liquidación coa garantía que se constituía.

19.1.4. De non producirse unha adecuada xustificación ou non gardar relación o importe xustificado co inicialmente previsto na resolución, poderá dar lugar á perda do dereito á cobranza total ou parcial, cando non se consideren realizados as actuacións obxecto de subvención.

19.1.5. O Concello da Coruña resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, os servizos de auditoría que se poidan contratar, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

## **19.2 Documentación da xustificación:**

Ademais da documentación específica de xustificación sinalada para cada unha das liñas, a documentación que debe achegar a beneficiaria a efectos de xustificación da subvención é a seguinte:

1) Impreso de presentación de solicitude de xustificación, cuberto segundo o modelo anexo X1.

4) Documentación específica para cada unha das liñas de subvencións, conforme o indicado nas bases 8.2 e 8.3

## **19.3 Relación clasificada e detallada de gastos: Criterios e documentación adicional de xustificación.**

En relación co proceso de xustificación dos gastos mediante a relación indicada no apartado anterior, deberase ter en conta a aplicación dos seguintes criterios e a presentación da documentación adicional que se indica:

a) Xustificarse preferentemente con facturas, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. O total das facturas presentadas deberá coincidir co sumatorio total reflectido na relación detallada de xustificantes de gasto.

As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan os deberes de facturación.

Considerando que a tramitación será exclusivamente electrónica, non será necesario o estampillado das facturas orixinais. Con todo, o estampillado poderá realizarse se en actuacións de comprobación polo servizo xestor, auditoría ou control financeiro así fose requirido, indicando a orixe do financiamento, así como a porcentaxe da subvención do Concello da Coruña que se imputa ás mesmas.



As facturas terán que presentarse polo conxunto da actividade, programa, proxecto ou actuación subvencionada aínda cando o importe da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial.

b) No caso de que a subvención outorgada teña destino o pago a persoas físicas que presten servizos retribuídos, a entidade beneficiaria vén obrigada á retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), nos límites e excepcións que establece a indicada Lei 35/2006 e Regulamento do imposto ou no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse, de ser o caso o ingreso na Axencia Tributaria (AEAT) mediante os modelos 111 ou 115 (declaración trimestral) e os seus correspondentes xustificantes bancarios.

c) No caso de imputarse gastos de persoal (nóminas) será obrigatoria a presentación dos documentos Relación Nominal de Traballadores (RNT) e o documento de Relación de liquidación de cotizacións (RLC) debidamente presentados e acompañados polo xustificante bancario e os modelos de retención do IRPF anteriormente sinalados.

#### **19.4 Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos.**

19.4.1. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

19.4.2. Non serán subvencionables os pagos realizados en efectivo en ningún caso.

19.4.3. En consecuencia, para acreditar o pago dos gastos será a través dos medios bancarios de pago que garantan a trazabilidade da transacción. Se o pago se realizase mediante talón ou cheque nominativo deberá presentarse ademais fotocopia do mesmo, que incluíra unha dilixencia co recibín da persoa interesada e igualmente extracto ou movemento bancario, que acredite que a persoa destinataria fixo efectivo o mesmo.

19.4.4. Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega aos mesmos dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

#### **19.5 Requirimento por falta de presentación da xustificación.**

De acordo co establecido no artigo 70.3 do Regulamento xeral de subvencións, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada para os efectos previstos. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións.

## **XI. REINTEGRO DAS SUBVENCIONES CONCEDIDAS**

### **Base 20. Reintegro das subvencións concedidas**



Producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

## **Base 21. Causas do reintegro das subvencións concedidas**

21.1. O Concello da Coruña obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia do interese legal do diñeiro que resulte de aplicación desde o momento do pago da subvención ata a data do reintegro, nos seguintes supostos, ademais dos casos indicados na base anterior:

- a) Incumprimento total ou parcial dos obxectivos ou incumprimento dos requisitos que fundamentan a concesión da subvención.
- b) Incumprimento total ou parcial do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da Lei xeral de subvencións.
- c) Incumprimento do deber de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da Lei xeral de subvencións.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei xeral de subvencións, así como o incumprimento das obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos.
- e) Incumprimento dos deberes establecidos con motivo da concesión da subvención.
- f) Obtención doutras axudas e subvencións para a mesma finalidade, cando non sexan compatibles ou cando superen os límites establecidos.
- g) Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 a 76 inclusive do Regulamento xeral para a aplicación da citada lei.

21.2. O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei xeral de subvencións e 91 e seguintes do Regulamento xeral de subvencións.

## **XII. BASES FINAIS**

### **Base 22. Información ás persoas interesadas**

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>), no Departamento de Promoción Económica e Comercio (ACCEDE PAPAGAIO, Praza Papagaio, s/n, CP 15002 A Coruña), no teléfono 981 189887, a través da páxina web oficial municipal (<https://www.coruna.gal/empresa/>) e/ou na dirección electrónica [presco@coruna.es](mailto:presco@coruna.es).

### **Base 23. Protección de datos de carácter persoal**

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación



desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello da Coruña.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello da Coruña, nos termos establecidos nos artigos 13 ao 18 da citada Lei, a través da Sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites>, engadindo na descrición da procura de procedementos o texto "Protección de datos de carácter persoal").

#### **Base 24. Información estatística adicional**


A información fornecida polas persoas solicitantes poderá ser utilizada con fins estatísticos sobre os resultados das actividades ou investimentos subvencionados. Estes datos poderán versar sobre os indicadores de avaliación e seguimento da situación socioeconómica que estableza o Concello da Coruña, para ese efecto.

#### **Base 25. Publicidade das subvencións no Portal da Transparencia**

De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e persoas beneficiarias serán obxecto de publicación no Portal da transparencia do Concello da Coruña.

<http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-a-gestion/subvencions-e-axudas>



Área / Unidad COMERCIO AAI	Documento 51015I1GG0	
Código de verificación  5H0S 4C4T 6V3P 3O1Q 0ZZM	Expediente 510/2021/25	
	Fecha 31-08-2021	
Asunto Informe proposta corrección erro material nas Bases convocatoria PRESCO 2021		Interesado

ÁREA DE EDUCACIÓN, MEMORIA HISTÓRICA,  
INNOVACIÓN, INDUSTRIA Y EMPLEO  
Trabajo y empleo

#### **Antecedentes:**

Pola Xunta de Gobierno local de data 20 de agosto de 2021 aprobáronse as bases da convocatoria para o mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal da Coruña polo COVID-19, no marco do plan de reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO), (ref. 61202101) no exercicio 2021.

Nas bases da citada convocatoria constan as actividades a subvencionar cos códigos CNAE e os códigos IAE relacionados. Con anterioridade á apertura do prazo da convocatoria de subvención detectouse a omisión de determinadas actividades a subvencionar e os correspondentes códigos CNAE e IAE.

#### **Informe:**

O artigo 109.2 da lei 39/2015 do procedemento administrativo dispón:

*“ 2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”*

Cometéndose o erro material por omisión das actividades que se relacionan a continuación, de conformidade con a lexislación transcrita procede rectificar a tabla que consta no punto 7.2. c) - Requisitos das persoas beneficiarias das bases reguladoras da subvención- e engadir as actividades que se especifican a continuación con sus correspondentes epígrafes na Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) e epígrafes IAE asimilados tal e como constan na taboa que se inserta a continuación e manter íntegramente o resto das disposicións de ditas bases:



Epígrafe CNAE	Denominación	Epígrafe IAE asimilados
471	Comercio polo miudo en establecementos s non especializados	653 659
472	Comercio polo miudo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	641 642 643 644 645
474	Comercio polo miudo de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados	657
475	Comercio polo miudo de outros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	651 652
476	Comercio polo miudo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	675
477	Comercio polo miudo de outros artigos en establecementos especializados	656
478	Comercio polo miudo en postos de venta e mercadillos	663

Mantense a facultade da Concellería delegada de Comercio a emitir resolución interpretativa dos epígrafes asimilados do IAE correspondentes aos CNAE indicados.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de goberno local por ser a competente para a aprobación da convocatoria conforme ao disposto no título X da Lei 7/1985, de Bases de réxime local, á que se propón a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Rectificar o erro material por omisión involuntaria das actividades económicas que constan na taboa adxunta e incluír as mesmas entre as persoas beneficiarias da convocatoria para o mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal da Coruña polo Covid 19, no marco do plan de reactivación económica e social (PRESCO), (ref. 61202101) no exercicio 2021, tal e como se especifican a continuación:

Epígrafe CNAE	Denominación	Epígrafe IAE asimilados
471	Comercio polo miudo en establecementos non especializados	653 659
472	Comercio polo miudo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	641 642 643 644 645
474	Comercio polo miudo de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicación en establecementos especializados	657



475	Comercio polo miudo de outros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	651 652
476	Comercio polo miudo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	675
477	Comercio polo miudo de outros artigos en establecementos especializados	656
478	Comercio polo miudo en postos de venta e mercadillos	663

A presente rectificación tendrá efectos retroactivos dende a aprobación do acordo das bases da convocatoria adoptado con data 20 de agosto de 2021.

**Segundo:** Autorizar a realización de todos os trámites necesarios para proceder á publicación da presente rectificación das bases nos correspondentes diarios oficiais e demais medios requeridos pola lexislación vixente.

A Coruña, data da sinatura do presente documento,

Xefa de Servicio de empleo y empresa

Director de Área de Innovación, Emprego e Comercio

Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

Teniente de alcaldesa delegada da área de Comercio, Mercados, Consumo e Barrios

Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior